

## **Begoña Caamaño e *Circe ou o pracer do azul* na Loxa Literaria de Moaña**

A Lonxa Literaria de Moaña tiña fixada na sua axenda unha data para a lectura e presentación por parte da súa autora do libro *Circe ou o pracer do azul*. Trala morte de Begoña Caamaño o colectivo quixo manter a data que pecharan con ela para a tertulia sobre a novela e convidou a tres das súas amigas. O 23 de xaneiro de 2015 apenas tres meses despois da morte da escritora celebrouse na biblioteca de Moaña un encontro arredor de *Circe ou o pracer do azul* e de Begoña Caamaño no que Uxía, Fernanda González Briones e Ana Romaní acompañaron as lecturas e as conversas da tertulia da Lonxa Literaria arredor da novela

Os dous textos que se xuntan foron lidos nese acto. Inclúese tamén algunha fotografía.



**Comisión de Igualdade**

## BEGOÑA CAAMAÑO: *Circe ou o pracer do azul*

**Fernanda González Briones**

Na análise da obra de Begoña Caamaño atopamos aspectos de indubidábel calidade que a sitúan nun elevado lugar dentro da nosa literatura. Persoalmente creo que é a mellor escritora en lingua galega das últimas décadas, tanto polo nivel de lingua como polo innovador do seu discurso.

No primeiro dos aspectos, demostra un amplo coñecemento da obra homérica. Foi a primeira, e de momento a única, que ousou traernos a lingua de Homero actualizada. As persoas que coñecemos a obra deste autor recoñecemos o seu estilo na escrita de Begoña. Nesta novela aparecen expresións e xiros que lembran a linguaxe do aedo.

Soubo ela tamén respectar elementos propios d'*A Odisea*, elementos secundarios desta historia que reproducen, actualizado, o canto homérico. Refírome a datos como a insolencia de Telémaco, a morte de Elpénor ou o tálamo construído por Ulises arredor dunha oliveira. Algúns deles serven para ilustrar a fábula; outros, como a oliveira, convértense en elementos máis simbólicos.

Por outra banda, elaborou unha historia de amizade e afecto entre dúas mulleres que a sociedade patriarcal “debería” considerar rivais. E esta relación nútrese de palabras: as cartas que van e veñen entre Circe e Penélope nos informan dos desexos, das frustracións, das dores de ambas as protagonistas, e ilustran tamén o seu pasado mesturado. E sérvenlles para esconxuraren medos e fantasmas e para descubrírense a si mesmas, para medraren como mulleres libres e independentes.

O contido difire totalmente do transmitido por Homero. Este contou a historia dun heroe, afouto e viril, modelo masculino dunha época na que as mulleres non tiñan máis dereitos nin

máis respecto do que os homes querían outorgarlles.

Porén, Begoña Caamaño volve e revolve os mitos para transmitirnos a esperanza nunha sociedade igualitaria desde o punto de vista de xénero.

Salva a Penélope –a quen presenta como raíña, como nai, como nora– do papel que a tradición lle outorgara. Móstranos unha muller que desexa ser libre para si mesma, unha muller forte e firme.

Salva a Circe do papel negativo da muller ambiciosa e vingativa que se vale de feitizos e dos seus “encantos” femininos para engaiolar un home. Dótaa de humanidade e do único xeito de amor: o da liberdade e do respecto entre amantes.

Salva tamén a Ulises da bárbara e patrimonial imaxe de home conquistador, dominante, posuidor da forza bruta sobre as mulleres.

E crea entre as dúas mulleres que comparten un mesmo home unha relación de complicidade, comprensión e sororidade fundamentais para avanzarmos na construción desa sociedade posíbel na que Begoña cría. Na que tamén nosoutras cremos.

En resumo, *Circe ou o pracer do azul* é unha historia de amores. Amores entre persoas e amores para unha mesma. O dereito das mulleres a escollermos o noso camiño, a nosa vida, sen complexos nin culpas. O dereito a querernos a nós mesmas que sempre nos negaron.

E isto dota a súa obra dunha proxección universal que nos permite, como indicabamos ao comezo, afirmar que Begoña Caamaño é un fito fundamental no devir da historia da literatura galega na súa proxección máis ampla e no contexto concreto dunha escrita feminista.

# A LUMINOSA PAIXON DE BEGOÑA CAAMAÑO

**Ana Romaní Blanco**

A luminosa paixón de Begoña Caamaño é arbore frondosa a se estender en pólas, ramificacións vexetais que nos nutren ao abrigo dos afectos. Do tronco proxéctase o entusiasmo, a alegría, a paixón vital, a entregada dedicación á vida. Non se deixaba anaiar na apatía, nin navegaba en inercias existenciais. Na cortiza desa arbore vivísima xermola tamén a lucidez nese seu continuo labor de procura, de análise, de indagación, tan inconformista! A rapidez da súa intelixencia para detectar anomalías ou carencias. A procura constante dun lugar mellor para todas.

E é froito e baga a xenerosidade que se concreta nos afectos, no emocional e no racional. Desde aí entendemos tanto o seu activismo político como o seu feminismo radical, a súa esixente actividade profesional ou o seu apaixonado traballo literario. Amorodos. Iso si, desde a independencia e a autonomía, baluartes na ansia vital e política de Begoña Caamaño. No persoal e no colectivo e que enlazan o seu traballo literario, están en Circe e Morgana, tamén no seu activismo e compromiso social. Como procura e como conflito.

A árbore saca pólas que debuxan suxestivas figuras no ar. Coherentemente crítica, entre a análise lucida que detecta contradicións e a urxencia colectiva do traballo en común para cambiar o mundo, Galicia, as condicións de vida das persoas. Á fin diso se trataba, diso se trata. Os traballos de Begoña Caamaño foron nesas hortas e co feminismo como medio e método de análise, de construción do futuro, de acción. “Unha cosmovisión, un xeito de entender o mundo”. Un magnífico termómetro para detectar a temperatura realmente revolucionaria e igualitaria de calquera movemento ou obxecto. Aplicable tanto á lectura dun texto, como a unha acción de protesta, como a un discurso político, como a unha relación afectiva. Pos o termómetro feminista baixo a lingua e na análise de certas claves e no cruzamento de criterios e consecuencias saen as evidencias. Ela

aplicábao con gran lucidez.

Tal vez debería contarvos cousas concretas, do tipo: formou parte do colectivo Mulleres Nacionalistas Galegas, traballou moi activamente e implicouse moito na Marcha Mundial das Mulleres naqueles primeiros anos da súa constitución. Participou en numerosas xornadas, mesas, coloquios. Formou parte do comité de redacción da revista antimilitarista Ar!, impartiu conferencias, participou de accións, subscribiu e redactou manifestos...en fin...todos eses datos que iran conformando unha biografía detallada de Begoña Caamaño. Participou na creación da Asociación Mulleres Galegas na Comunicación que constituímos un grupo de profesionais vinculadas aos medios un 8 de marzo de 1997 co ánimo de crear unha plataforma que “posibilite a reivindicación e denuncia das mulleres ante o sexismo nos e dos medios de comunicación”. Foi esta unha preocupación central no seu traballo. Detectaba axiña as trampas, o sutil da discriminación, a aparente inocencia do (pre)xuízo. Unha análise rigorosa a súa, sempre esixente e audaz na formulación intelectual, tamén na acción. O feminismo de Begoña Caamaño vai á raíz da desigualdade, nela desvela as bases dun sistema patriarcal e opresivo e desde aí con audacia no pensar formula un proxecto de xustiza social.

O seu traballo xornalístico viviuno cunha clara consciencia da posición. Un xornalismo que non se complace na superficie senón que se mergulla. Nese sentido unha profesional comprometida e rigorosa, situada na tensión entre o relato da realidade, o seu coñecemento e a paixón por transformala. Moi coidadosa na expresión. O rigor da palabra exacta, a precisión da escrita, a responsabilidade do lugar social do xornalismo.

Dalgún xeito todo isto está na base da súa obra literaria, a literatura como outra forma de coñecemento, como outra forma de liberdade. A liberdade, a paixón lectora, a feminista que soña outro futuro, a xornalista esixente, a lúcida análise do mundo, da construción do mito, da necesaria deconstrución para outro futuro... En Begoña Caamaño o literario é parte do social e do comunal, nada ensimesmado. A literatura é tamén parte do seu proxecto, parte desa luminosa configuración da existencia sempre observando a construción dun mundo mellor desde o rigor do coñecemento, a audacia do pensar, o estimulante exercicio da razón e a xenerosa complicidade dos afectos. En galego, claro, desde o nacionalismo claro, co feminismo claro. E con alegría. A frondosa árbore da paixón luminosa de Begoña Caamaño a quen tanto queremos.



Momento da tertulia en torno a Begoña Caamaño e *Circe ou o pracer do azul* na Loxa Literaria de Moaña



Momento da tertulia en torno a Begoña Caamaño e *Circe ou o pracer do azul* na Loxa Literaria de Moaña



Momento da tertulia en torno a Begoña Caamaño e *Circe ou o pracer do azul* na Loxa Literaria de Moaña